

BASES DO CONCURSO DO ANTROIDO 2012

CONCELLO DE BOIRO

A concellería de cultura do Concello de Boiro, convoca unha nova edición do tradicional concurso de disfraces e carrozas que se realizará no marco das actividades de antroido 2012 o martes, día 21 de febreiro na Praza de Galicia

1. Participantes

Neste concurso poderán inscribirse todas as asociacións, comunidades, grupos culturais, festeiros, veciñais...ou persoas que o desexen.

2. Modalidades:

Individuais /Parella

Grupos

Carrozas

Individual/Parella: Poden participar a partir de 13 anos, farán constar o nome do disface e da persoa que se presenta.

Grupos: Considérase grupo aquel que este formado por alomenos tres participantes maiores de 13 anos cunha temática común.

Carroza: Considérase carroza a un aparello móbil conformado por unha plataforma debidamente adornada. O carroza estará formado de alomenos catro persoas

3. Inscripción: As persoas interesadas poderán inscribirse na Casa da Cultura "Ramón Martínez López" ata ás 14:00 h do martes, día 21 de febreiro ou na Praza de Galicia dende ás 17:30 h ata ás 18:50 h.

4. Premios: Aos premios maiores de 300 € aplicaráselle a súa retención do 21 % segundo o regulamento do IRPF. Para optar aos premios os disfrazados deberán participar no desfile. Os **gañadores do concurso en cada unha das categorías obterán os seguintes premios:**

INDIVIDUAÍS GRUPOS CARROZAS

1.º 150 € 1.º 250 € 1.º 500 €

2.º 120 € 2.º 180 € 2.º 300 €

3.º 100 € 3.º 160 € 3.º 200 €

4.º 120 € 4.º 140 €

A entrega de premios farase en metálico o martes, día 21 de febreiro, unha vez rematado o concurso.

Toda interpretación sobre as presentes bases correspóndelle unicamente ao xurado

5. Lugar e hora:

Os disfrazados nas diferentes modalidades poden presentarse ata ás 18:50 h na Praza de Galicia ante a organización no lugar reservado. O desfile dará comenzo ás 19:00 h, todos os participante formarán parte del que percorrerá as rúas Robustiano Pérez del Río, Santos Mieites, Pablo Iglesias, Praza da Mancomunidade, Rúa Principal e rematará na Praza de Galicia. No desfile os participantes deberán levar en todo momento o dorsal facilitado pola organización

6. Xurado

O xurado queda facultado para resolver todos os aspectos que non estean contemplados nas presentes bases.

A cualificación das carrozas, grupos e disfraces en caso de dúbida será determinada polo xurado.

O xurado resérvase a posibilidade de declarar algún premio deserto ou transferilo a outra categoría.

A decisión do xurado darase a coñecer o día 21 de febreiro de 2012 na Praza de Galicia e será inapeable.

Calquera cuestión non contemplada nas presentes bases será resolta segundo o criterio da organización, sen estar obrigada a comunicalo previamente.